



CONCELLO
DE VIGO



'25
Vigo
cultura

OUTUBRO | NOVEMBRO | 2025

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR

ESPECTÁCULOS



Maxia



Teatro



Teatro de rúa



Circo



Monólogo



Danza



Monicreques



Música

IDIOMAS



Castelán



Galego



Galego e
castelán



Sen texto

IDADE



Público adulto



Público familiar



Idade recomendada

OUTUBRO • Venres 3

20:00 h. Percorrido: Rúa do Príncipe, saída dende o Marco

CONCELLO
DE VIGO



PILOTS

La Finestra Nou Circ - *Comunidade Valenciana*

Pasarrúas-Circo-Performance

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN



Elenco:

Olga Osuna, Mari Marcos, Dayné Álvarez, Alberto Vidal, Luis Reche

Ficha artística:

Autoría: La Finestra Nou Circ

Escenografía: Alberto Vidal

Vestuario: Olga Osuna

Música: Abrahan Gómez

Iluminación: Alberto Vidal

Son: Alberto Vidal

Sinopse:

Espectáculo itinerante no que uns divertidos pilotos chegan co seu orixinal coche a pedais na procura do mellor lugar onde realizar a súa tola carreira de bicicletas excéntricas.

No seu camiño atoparán inesperadas situacións que lograrán superar con moitísimo humor, os seus números de acrobacias e malabares e a imprescindible colaboración do público.



TODOS OS
PÚBLICOS

60
minutos

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Sábado 4

20:00 h. Percorrido: Rúa do Príncipe, saída dende o Marco

EL VIAJE IMPOSIBLE • Tributo a Julio Verne

Pablo Méndez Performances - *Galicia*

Pasarrúas multidisciplinar que combina teatro físico, circo contemporáneo, animación itinerante, música e danza.

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN



CONCELLO
DE VIGO



Sinopse:

Un artefacto imposible irrompe nas rúas, un vehículo de época saído das entrañas do imaxinario steampunk. A bordo, unha tripulación de excéntricos exploradores, científicos e damas mecánicas convidannos a unha viaxe polo corazón dos soños imposibles.

Inspirado nas obras de Julio Verne e cunha estética steampunk desbordante de detalles, este pasarrúas fusiona teatro físico, circo, danza, e animación itinerante nunha experiencia visual e sensorial única.

As rúas transfórmanse nunha novela viva onde o público é cómplice dunha expedición fantástica, chea de humor, maxia, coreografías dinámicas e espectaculares máquinas móbiles. Unha explosión de imaxinación para todos os públicos que rende homenaxe ao poder da fantasía, a ciencia e a aventura.

Unha viaxe que comeza en Vigo... pero que podería terminar no centro da Terra ou mesmo na Lúa.



TODOS OS
PÚBLICOS

60/90
minutos

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Domingo 5

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

BULEBULE

Náufragos Teatro - *Galicia*

Teatro



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco: Irene Lorenzo e Jimmy Núñez
Dramaturxia e dirección: Gustavo del Río
Música: Daniel Valentín
Espazo escénico: Claudia L. Franco
Espazo iluminación: Daniel Pais
Construción escenografía: Luchi Iglesias
Coreografía: Adrao Casal
Asesoría de movemento: Raquel Santalla
Axudantía de dirección: Rebeca Vecino
Axudantía de produción: Antonio Vázquez
Asesoría dramática: Verónica Rego
Agradecementos: Confraría de Pescadores de Burela,
Concello da Coruña, Mousa House e Alicia Toba

Sinopse:

A Candela encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco, que quere construír ela mesma. Ser patroa non é unha tarefa doada e facer un barco, tampouco. A Candela gústalle moito pasar tempo co seu amigo Bruno, quen vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música. Candela, a quen chaman Bulebule, ten Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH).

Bulebule é unha fermosa obra de Os Náufragos teatro que explora os camiños da igualdade, destacando o esforzo das mulleres por derrubar as barreiras que lles impiden acceder a determinadas profesións.



G

+4

45
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Venres 10

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

MÚSICA PARA HITLER

TALYCUAL Producciones - *Madrid*

Teatro contemporáneo



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Autores: Yolanda García Serrano e Juan Carlos Rubio
Dirección: Juan Carlos Rubio
Intérpretes: Carlos Hipólito, Kiti Mánver, Cristóbal Suárez e Marta Velilla
Deseño de escenografía: Leticia Gañán e Curt Allen Wilmer (AAPEE)
Deseño de iluminación: José Manuel Guerra
Deseño de vestuario: Pier Paolo Álvaro
Axudante de Dirección e Xerencia: Isabel Romero de León, COARTE
Fotografía: Sergio Parra
Dirección de produción: Marisa Pino
Produción executiva: Bernabé Rico
Distribución: TALYCUAL PRODUCCIONES
Para Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, A Ríoxa, Cataluña e Aragón: CHARO FERNÁNDEZ INSAUSTI
Unha produción de TALYCUAL, EL TEJO e COARTE co apoio de NIKI

Sinopse:

Pau Casals viuse forzado a exiliarse no sur de Francia tras a Guerra Civil Española. Con todos os seus recursos e moito empeño dedicouse a axudar a miles de compatriotas amareados nos campos de traballo próximos. No ano 1943, baixo a ocupación nazi, o xenio da música recibiu unha inquietante invitación para tocar diante o Führer. Casals sabía que negarse a facelo podería carrexarlle terribles consecuencias. Estes dramáticos feitos son os que inspiraron aos autores para escribir Música para Hitler, un texto emocionante que recrea a personalidade dun dos maiores artistas do século XX.



C

Adulto
(+14)

80
minutos

12€

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Sábado 11

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

MISS BUJÍA

Marta Larralde Cía - *Galicia*

Teatro contemporáneo

ESTREA



Ficha técnica e artística:

Autoría e interpretación: Marta Larralde
Dirección: Norma Martínez
Dirección de Producción: Carlos Cancho
Producción executiva: Sólido show e Marta Larralde
Escenografía: Álvaro Sobrino
Deseño de Luces: Noelia Tejerina
Canción orixinal: Pablo Nieto
Vestiarlo: María Viñas
Vídeo: Nico Nale
Cartel: Sergio Bethancourt

CONCELLO
DE VIGO



Foto Promo: Carlos Villarejo
Deseño gráfico: Jorge Nevado
Distribución: Carlos M. Carbonell - Crémilo

Sínope:

Unha experta en Arte Barroca fálanos das verdades ocultas detrás de famosas pinturas protagonizadas por mulleres. Ela está decidida a liberalas do marco que as encerra.

Na súa adolescencia diagnosticáronlle unha enfermidade mental e desde entón trata de vivir con iso. Falar do tema avergóñalle, teme sentirse rexeitada.

Nesta procura da liberación necesita cómplices. Para iso fai un percorrido pola súa vida a través duns cadros concretos que serán unha especie de mapa vital. O seu obxectivo é poder cumprir con éxito a promesa que se fixo hai moitos anos.

Hoxe é o seu primeiro día de traballo no museo.

Chegou o momento de executar o plan.


Palabras da autora:

Miss Bujía non son eu, non é unha muller concreta, é a suma de varias. A través dos seus ollos tento contar unha realidade descoñecida. O meu motor é entender un pouco máis como funciona a cabeza dunha persoa cando atravesa un estado de delirio, pois o descoñecido provoca rexeitamento e censura, e en consecuencia, soidade e medo. Ese medo para perder o control, a borrar, a desaparecer do mapa, a non saber quen es nin onde pertences. E medo a non saber como axudar. Que fago se a miña parella sofre unha depresión ou se un amigo tenta suicidarse?

Os psiquiatras e psicólogos da Seguridade Social non dan abasto, e os privados supoñen altos custos que pouca xente pode permitirse. Necesítanse máis médicos, máis coidados, máis información, máis empatía. Todos estamos expostos a circunstancias que nos poden afectar de maneira determinante a ter un trastorno mental.

A familia sempre é o noso mellor apoio, pero temos as ferramentas necesarias? E a dispoñibilidade? Cal é a miña responsabilidade?

Asáltanme as preguntas e non teño as respostas.



CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Domingo 12

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

VIAJE AL PLANETA DE TODO ES POSIBLE

Índigo Teatro - *Andalucía*

Monicreques e actores



Ficha técnica e artística:

Elenco: Natalia Ruiz/Celia Almohalla
Dirección e texto: Celia Almohalla
Asesoría guión: Concha Linero
Autoría música: Sara Almohalla/Celia Almohalla
Arranxos musicais: Argonauta Music
Escenografía e Monicreques: Isa Soto
Deseño iluminación: Antonio Arrabal (AAI)
Deseño vestiario: Concha Linero/Pepa Rodríguez
Realización vestiario: Pepa Rodríguez
Estudio de gravación: Argonauta Estudio
Músicos: Sara Almohalla/Paquito Escudero/Blai Navarro/Evelin Martínez/Javi Claros
Voces en Off: Nilofer Khan/Dario Carrasco/Celia Almohalla
Técnico de directo: Garikoitz Lariz
Producción: Índigo Teatro
Gravación Vídeo: El Estudio Blanco
Fotor Fixa: Salvador Blanco

CONCELLO
DE VIGO



Sinopse:


Oíches falar do planeta de todo é posible? Un planeta pequeno, pero moi importante, é o planeta que se encarga de axudar a que todos os desexos poidan cumprirse. Alma, a protagonista da nosa historia, entrará nel para descubrir de todo o que é capaz, atrevéste a acompañala? Todo xira ao redor desta pequena heroína que, sen ela sabelo, ensinaranos a importancia de superar as adversidades. Ademais de diversión e aventuras, convida ao espectador a mirar máis aló das aparencias, transmitindo valores como a perseveranza e a bondade. Unha historia de superación que acerca de forma directa aos nenos e nenas á empatía, o autocoñecemento e as emocións. Un espectáculo capaz de transmitir diversas mensaxes segundo a idade do espectador. Unha posta en escena que combina personaxes reais e monicreques, con danza, cancións en directo, moita música e unha iluminación moi orixinal. Viaje al planeta de todo es posible propón unha viaxe ao interior, onde Alma, a protagonista da nosa historia, descubrirá a súa fortaleza e capacidade de superación. Alma, é unha de tantas nenas que sofre bullying no colexio e iniciará unha viaxe na que terá que afrontar os seus medos, as súas inseguridades e as súas emocións.

Sobre a compañía:

Índigo Teatro nace en 2014 da man da inquieta e polifacética creadora e artista Celia Almohalla cuxo principal obxectivo é a creación de universos estéticos e musicais para a infancia. Realiza residencias no Teatro Cánovas de Málaga onde pon en marcha os seus proxectos artísticos traducíndose estes en tres estreos exitosos: Lectorita, El viaje de Tam Tam y Yiya e Viaje al planeta de Todo es Posible. A Compañía conseguiu unha gran estabilidade grazas a un aliado extraordinario e imprescindible para o espectáculo: O público, nenos, nenas, pais e nais...

Premios e candidaturas:

- PREMIO TEATRO DE ROJAS 2025. **MELLOR ESPECTÁCULO INFANTIL FAMILIAR**
- PREMIO ALCIDES MORENO 2024. **MELLOR OBRA DE TEATRO PORQUE O TEN TODO.**
- PREMIO ATENEO TEATRO 2023. **MELLOR ESPECTÁCULO DE TEATRO INFANTIL.**
- CANDIDATO A "MELLOR ILUMINACIÓN" E "MELLOR ESCENOGRAFÍA" VIII PREMIOS LORCA 2022.



CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Venres 17

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



EL MONSTRUO DE WHITE ROSES

El Aedo Teatro - *Madrid*

Teatro



Ficha técnica e artística:

Texto e dirección: Jesús Torres
Intérpretes: Víctor Palmero, Lucía Díez.
Diseño de iluminación: Jesús Díaz Cortés
Espazo escénico: Juanjo González y Carlos Brayda
Vestuario: Juanjo González
Espazo sonoro: Alberto Granados Reguilón
Voces en off: Carol Delgado, Eva Rodríguez, Alba Cuartero,
Juan Angel Alcañiz, Esther Izquierdo
Deseño gráfico: EnBlanco
Vídeo: Angela Martínez
Técnico en xira: Alicia Pedraza
Técnico ensaios: Antonio Villar
Videoescena: Antonio Villar
Produción: Iván Flores
Comunicación: Raquel Berini

Sinopse:

Estou aquí! Axuda!", foi o berro que espertou o tranquilo barrio de White Roses, en Ohio, unha mañá de abril. Martin Risk, o veciño que escoitou aqueles berros, comezou a buscar ata atopar de onde procedían. Martin non daba crédito ao que vían os seus ollos: aquela moza era Emily, a adolescente secuestrada case un ano atrás. Harry Coleman, un zapateiro coñecido en todo o barrio como un home esquivo pero tranquilo, sometéraa a toda clase de abusos, torturas e violacións no soto da súa casa. Harry pasou á Historia de América como o Monstro de White Roses.

O caso da desaparición de Emily Dawson deu a volta ao mundo e estivo presente día tras día nos noticiarios e xornais, inaugurando a que se coñecería como a "década das desaparicións".



C

Adulto

70
minutos

8€

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Sábado 18

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



ÉCHE UNHA RISA!

Rafa Durán, presentador; monólogos
de Arantxa Treus, Jazmín Abuín e
Darío Mares - *Galicia e Madrid*

Monólogos



Sinopse:

Eche unha risa! é un espectáculo de monólogos presentado por Rafa Durán, que introduce a tres cómicos cun estilo persoal e unha visión única do humor:

- Arantxa Treus: actriz, cómica e mestra de cerimonias viguesa, activa desde 2009. É coñecida polo seu humor afiado e irónico, e polos seus espectáculos Os Monólogos da Treus, referentes na escena local.

- Jazmín Abuín: actriz, cantante e xornalista nacida en Vigo. Ten formación en artes escénicas e experiencia en musicais e series estatais (La que se avecina, Amar es para siempre). O seu monólogo mestura retranca galega con reflexións vitais.

- Darío Mares: cómico conquense afincado en Madrid. Premio ao "Monologuista revelación" en 2018, destaca pola súa mirada cómica á vida cotiá en espectáculos como Atroz ou Lo de las pelis.

Un espectáculo fresco, divertido e diverso, que mestura stand-up clásico, retranca galega e historias persoais co obxectivo de provocar unha boa risa colectiva.



G+C

Adulto
(+16)

75
minutos

10€

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Domingo 19

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES

Sarabela Teatro - *Galicia*

Teatro



Ficha técnica e artística:

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES baseado

no conto de Nunilla López Salamero

Dirección e versión escénica: Fina Calleja

Elenco: Sabela Gago, Fernando Dacosta e Elena Seijo

Deseño de escenografía: "Amenosde7metros"

Deseño de vestuario: Sarabela Teatro/

Imaxe e soportes audiovisuais: Iris Branco.

Deseño de iluminación: Baltasar Patiño.

Coreografía: Rut Balbís

Espazo Sonoro: Renata Coddá Fons

Deseño gráfico: Redeiras

RRSS: Redeiras

Fotografías: Rubén Vilanova

Vídeo: Ohh!-VÍDEO

Produción artística e económica: Fina Calleja

Distribución: Culturactiva

Técnicos en escena: José Manuel Bayón e Rubén Dobaño

Sinopse:

Este conto podería comezar dicindo: "Unha vez había unha moza que non estaba soa e unhas perdices que voaban felices", pero non. Esta historia, escrita por Nunilla López Salamero fálanos dunha moza perdida que pretende desmontar os falsos mitos ao redor do amor romántico, fálanos de tantas historias de princesas liberadas por príncipes azuis que, en demasiados casos saen ras. A cincenta que non quería comer perdices é un conto moderno para nenos/as que revisa con humor o papel que desempeñou a muller durante moito tempo. É unha alegación que defende a liberdade de ser quen unha queira ser e como unha queira ser.

A peza pon en cuestión o papel que xogaron na historia os contos de fadas nos que se acaba por promover o rol das nenas como entes pasivos agardando a que lles pidan a man. "A cincenta que non quería comer perdices" fala de temas tan de actualidade como a violencia de xénero, que segue sendo un problema entre os máis novos.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



G

+7

55
minutos

5€

OUTUBRO • Venres 24

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

TRASH

Yllana&Totem - *Madrid*

Teatro cómico musical



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Elenco (En Alternancia): Aka Thiemle, Bruno Alves, Frank Mark, Gorka González, Jose Filguera
Producción: Yllana & Toom Pak
Dirección: Yllana
Dirección artística: David Ottone
Director adxunto: Jony Elias
Música: Toom Pak
Produtor Musical: Garabatto
Escenografía e vestuario: Tatiana de Sarabia
Espacio sonoro: Nacho Ramírez
Iluminación: Lola Barroso
Coreografía: María Rayo
Construcción de Escenografía: Toom Pak
Luthiers: Toom Pak
Diseño Gráfico: Value Design
Xefe Técnico: Ismael García
Producción executiva: Toom Pak, Wuaynot Promedia, Yllana
Voz en Locución: Arantxa De Sarabia

Sinopse:

Trash! é un espectáculo vital e enerxético sobre as posibilidades da reciclaxe a través da percusión. Desenvólvese nun centro de reciclaxe de lixo, onde 4 imaxinativos operarios dan novos usos a todo tipo de desfeitos que chegan ao lugar, facéndonos reflexionar sobre o exceso de consumismo da nosa sociedade.

Bombonas de butano, paraugas, pelotas, caixas de ferramentas, bucinas, bolsas de lixo... calquera elemento que cae en mans destes operarios son transformados en vistosos números musicais cheos de enxeño e humor.



T

TODOS OS
PÚBLICOS

80
minutos

10€

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Sábado 25

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



GUERRA

Teatro do Noroeste - *Galicia*

Teatro



Ficha técnica e artística:

Elenco: Miguel Pernas, Luma Gómez, Manuela Varela, Maxo Barjas, Sabela Hermida y Xavier Estévez
Escenografía y Vestuario: Carlos Alonso
Música: Bernardo Martínez
Proyecciones y espacio sonoro: César Seijas
Diseño gráfico, vídeos y fotografía: Chiripa
Servizo técnico: RTA
Auxiliar de dirección: Melina Regueira
Producción: Eva Alonso
Dirección y iluminación: Eduardo Alonso

Sinopse:

Nun edificio teatral totalmente destruído por un bombardeo nunha guerra desatada no mesmo corazón de Europa, comezan a aparecer as personaxes do Teatro Universal que nel foran representadas ao longo do tempo e encarnadas en dous actores e catro actrices. As innumerables referencias ás guerras no Teatro Europeo, desde Shakespeare até Lorca enchen a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución.

Guerra é unha traxedia ao estilo shakespeariano, é dicir, unha traxedia aderezada de comedia e ironía para dulcificar as arestas trxicas.

A compañía:

Teatro do Noroeste é unha compañía teatral de longa traxectoria, creada en 1987, que estrea e representa todos os seus espectáculos en lingua galega por toda Galicia. Na súa dilatada traxectoria ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos.

A compañía ten recibido numerosos premios polas súas producións, como os Premios María Casares, os de Festival de Teatro Galego, ou os Premios Max aos textos de Eduardo Alonso.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



G

Adulto
(+16)

100
minutos

10€

OUTUBRO • Domingo 26

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

O ARCÓN DE NOA

Amarelo Cía - *Galicia*

Danza

ESTREA



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Dirección: Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco
Interpretación: Raquel Ferradás, Carlota Rosón Rojo e Martín Blanco
Dramaturxia e coreografía: Carlota Rosón Rojo, Martín Blanco, Raquel Ferradás e Lilian Portela
Asesoramento escénico: María Escobar
Voz en off: Iria Álvarez Leirós
Iluminación: Nacho Martín
Música orixinal: Bruno Baw
Espazo escénico: Eva Antelo
Vestuario: Noelia Picadizo
Atrezzo: EVD Galicia
Coproduce: Concello de Mos
Colaboran: Escola Media Punta e Concello de Vigo
Cartel: Lúa Gándara
Video e foto: Diego Seixo

Sinopse:

Noa é unha nena que vive coa súa nai nunha casa apartada, e non ten con quen xogar. No seu arcón garda os xoguets que xa non a entreteñen. Todo parece triste e apagado no seu mundo solitario.

Pero un día, sen decatarse, activa un encantamento e entra no mundo máxico que habita no arcón, onde os xoguets cobran vida e un ser misterioso goberna sobre eles.

O arcón de Noa é unha historia de fantasía que nos mostra outros mundos posibles e maneiras de chegar a acordos, compartindo espazos co que nos resulta alieo e diferente, para mostrar a idea dun mundo posible máis xusto e igualitario.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



OUTUBRO • Venres 31

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

LAS PRECIOSAS RIDÍCULAS

Arroz con costra Producciones
- *Comunidade Valenciana*

Teatro comedia



Ficha técnica e artística:

Elenco espectáculo: Allende García, Estefanía Botella, Adrián Rico, Roberto Rodríguez, Gabriela Torre
Dirección: Marcos Altuve
Ficha artística completa

CONCELLO
DE VIGO



Texto orixinal: Molière
Adaptación e dirección: Marcos altuve
Actores en videochamada: Paco Peraile, Jaime Contreras
Escenografía: Marcos Altuve
Pantallas Led: Isidro Ortega, Pantatronic
Iluminación: J. Adrián Rodríguez
Vestuario, maquillaxe, perruquería: Carlos Maciá, Séréna Craziusi
Fotografía: David García Teruel
Realización de vídeos: Oriana Quintero
Cámara e edición: Ángel Hernández
Deseño Gráfico: Gusmery Paredes

Sinopse:

Magdelón e Cathos chegan a París coa esperanza de atopar amor e sofisticación. Non obstante, a súa obsesión pola moda, a aparencia e a linguaxe afectada lévaas a comportarse de maneira ridícula e superficial. Chamándose a si mesmas "as preciosas", cren estar no cumio da elegancia e existen constante admiración. O seu tío Gorgibus tenta atoparlles maridos afeitados, e os pretendentes La Grange e Du Croisy están dispostos a cortexaslas, pero descubren a súa vacuidade. Idean entón un plan: Mascarilla, un dos seus criados, faise pasar por un aristócrata chamado "Marques de Mascarilla". A súa falsa etiqueta e linguaxe florida impresionan ás mozas, quen compiten pola súa atención. Cando se descobre a verdadeira identidade de Mascarilla, as preciosas decátanse de que foron enganadas. A comedia critica a afectación, a vaidade e a obsesiva busca de estatutos social, destacando a falta de autenticidade na sociedade da época.

Premios e candidaturas:

- XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO PARA LA INFANCIA Y LA JUVENTUD (FITIJ-RD) 2024
- PREMIO FITIJ AO MELLOR ESPECTÁCULO DE TEATRO XUVENIL
- XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO PARA LA INFANCIA Y LA JUVENTUD (FITIJ-RD) 2024
- PREMIO FITIJ Á MELLOR VERSIÓN DE TEATRO CLÁSICO
- FESTIVAL EXPERIMENTAL DE TEATRO CLÁSICO CLASICOFF MADRID. 2º MELLOR ESPECTÁCULO



C

Adulto
(+14)

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVIEMBRO • Sábado 1

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

NEVENKA

Histrión Teatro - *Andalucía*

Teatro contemporáneo



Ficha técnica e artística:

Elenco: Gema Matarranz, Alex Furundarena e Ana Ibáñez
Autoría e dirección: María Goiricelaya
Axudantía de dirección: Ane Pikaza
Deseño e construción de escenografía: Álvaro Gómez
Candela
Deseño de iluminación: David Alcorta
Espazo sonoro: Ibon Aguirre
Música orixinal: Ibon Belandía
Fotografía: Gerardo Sanz
Imaxe do cartel: Palen
Deseño gráfico: Ulises Martín
Diseño y realización de vestuario: Laura León
Técnicos en xira: Juan Felipe "Tomatierra" e Ernesto Monza
Comunicación: Divina Palabra.
Video: Jorge Girálvez y Paul Walter
Coproductión: Histrión Teatro y Portal 71
Producción executiva: Nines Carrascal e Sonia Espinosa
Distribución: Nines Carrascal e Rocio Pindado (Portal71)
Agradecementos a: Giacomo Ciucci Gómez; Azkuna

CONCELLO
DE VIGO



Zentroa Alhóndiga Bilbao

Compañía concertada co Inaem (Ministerio de cultura)

En colaboración coa Agencia Andaluza de Instituciones

Culturales, Consejería de Cultura da Junta de Andalucía

Proxecto coproducido con Portal 71


Compañía residente no Concello Ayto de Albolote (Granada)

Sinopse:

En 2001 e por primeira vez na historia de España unha muller gañou un xuízo por acoso sexual a un político. Nevenka Fernández sentou por primeira vez a un alcalde no banco dos acusados converténdose no primeiro caso de #MeToo nun país que lle deu a razón nos tribunais pero que a estigmatizou publicamente. Hoxe este caso devólvenos a imaxe do que fomos para sinalar os avances, pero tamén as feridas. Hoxe "Nevenka" segue sendo ese espello no que se miran as mulleres que a precederon e que a seguiron; un reflexo dunha sociedade que cambiou ou, quizais, non tanto.

Premios e candidaturas:

- **PREMIO ESPECIAL DO XURADO NA FERIA DE TEATRO EN EL SUR 2023. PALMA DEL RÍO (CÓRDOBA)**
- **X EDICIÓN, PREMIOS LORCA DAS ARTES ESCÉNICAS: PREMIO INTERPRETE FEMENINA PARA GEMA MATARRANZ CONCEDIDO POLA ACADEMIA DE LAS ARTES ESCÉNICAS DE ANDALUCÍA.**
- **PREMIO INTERPRETE MASCULINO PARA ALEX FURUNDARENA CONCEDIDO POLA ACADEMIA DE LAS ARTES ESCÉNICAS DE ANDALUCÍA.**
- **CANDIDATURAS PREMIOS MAX:**
 - MELLOR ESPECTÁCULO DE TEATRO**
 - MELLOR AUTORÍA TEATRAL: MARÍA GOIRICELAYA**
 - MELLOR DIRECCIÓN ESCÉNICA: MARÍA GOIRICELAYA**
 - MELLOR ACTRIZ: GEMA MATARRANZ**
 - MELLOR LABOR DE PRODUCCIÓN: HISTRIÓN TEATRO Y PORTAL 71**
- **FINALISTA PREMIOS MAX.**
 - MELLOR AUTORÍA TEATRAL: MARÍA GOIRICELAYA**
 - MELLOR DIRECCIÓN ESCÉNICA: MARÍA GOIRICELAYA**
- **CANDIDATURAS AOS PREMIOS TALÍA 2024:**
 - MELLOR LABOR DE TEATRO DE TEXTO, MARÍA GOIRICELAYA POR NEVENKA**



CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Domingo 2

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



TEATRO DE PAPEL

Rauxa Cia - *Cataluña*

Teatro de monicreques e circo contemporáneo



Ficha técnica e artística:

Idea original: RAUXA CIA

Escritura e dirección: Xavi Sánchez e Analia Serenelli

Interpretación: Xavi Sánchez

Mirada externa: Analia Serenelli

Escenografía: RAUXA CIA

Música: Jesus Acebedo

Intérpretes: Javier Sanchez Martinez

Sinopse:

Teatro de Papel é un espectáculo de circo contemporáneo que a través dunha bagaxe de monicreques extraordinarios, o pallaso e o teatro físico, busca reivindicar o poder da Imaxinación.

Teatro de papel é unha persoa na súa soidade, é unha festa sen festexo, un mono diálogo onde a imaxinación alixeira o peso da soidade para dar paso a un mundo poético e onírico. É unha pausa, un erro dentro dun sistema acelerado. Un momento suspendido no tempo onde o mundo se detén e a poesía danza.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Sábado 8

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



XOGUETES ROTOS

Barrosanta e ButacaZero - *Galicia*

Teatro



Ficha técnica e artística:

Elenco: Anxo Outumuro e Dani Lago

Autoría: Carolina Román

Dirección: Xavier Castiñeira

Tradución e adaptación: Roberto Pascual

Escenografía e vestuario: Juan Bas

Iluminación: Violeta Martínez

Espazo Sonoro: Xavier Bértolo

Axundantía de dirección: Nuria Gullón

Producción: Esther F. Carrodegas e Anxo Outumuro

Sinopse:

Mario é un rapaz nacido na comarca do Ribeiro dos anos 50. Mais a aldea non parece un lugar demasiado apropiado para el. Non lle gusta vendimar nin mocear e non lle prestan os xogos dos adolescentes. E menos aínda pensa seguir os ditados do pai, que van en contra da súa natureza interior. Mario escapa da aldea para instalarse no Vigo industrial dos 70, buscando na cidade un lugar ideal para ser el mesmo. Pero non resulta tan sinxelo de atopar. Os aforros pouco duran, e será difícil sobrevivir nesa nova hostilidade, se non fose pola aparición dunha fada madriña: Dorín. Ela, coma el, naceu sendo un rapaz galego, pero chegou a ser unha grande artista en París. Agora actúa na Riomar de Samil e vive no Abanico, onde Mario axudará a limpar, pasar o ferro, estudará contabilidade e comezará a dubidar...mesmo do seu nome.



G

Adulto
(+14)

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Domingo 9

Tres pases ás 12:00, 16:30 e 18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, Praza do Rei, 1

MOMENTO MUSICAL PARA FAMILIAS CON BEBÉS

Bolboreta-Lydia Botana - *Galicia*

Cantacontos

AFORO SÚPER REDUCIDO EN ESCENARIO



Todas as persoas, incluídos bebés, pagarán entrada.

A organización recomenda no espazo de representación (escenario) só unha persoa adulta por neno/a ou grupos de nenos. O resto do público poderá sentarse de balde no patio de butacas, con visibilidade reducida, ata completar capacidade.

CONCELLO
DE VIGO



Lydia Botana:

Coñecida coma Bolboreta, Lydia Botana é unha música multinstrumentista e pedagoga musical de espírito aventureiro que viaxou polo mundo como unha bolboreta, compartindo a música que compón e canta en varios idiomas polos cinco continentes, mesturando e aprendendo diferentes culturas que transmite nos diversos espectáculos que produce para todo tipo de públicos.

Titulada polo Conservatorio Superior de Música da Coruña en Pedagogía da Linguaxe e a Educación Musical realizando o Erasmus no Conservatorio di Musica Giovan Battista Martini Bologna (Italia). Está titulada en piano e percusión cun Mestrado universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria pola Universidade da Coruña.

Sinopse:

Cando vivimos no interior das nosas nais, a voz materna e paterna son fundamentais para o desenvolvemento auditivo das persoas.

Neste cantacontos, reconectamos cos nenos e nenas interiores que temos e afloramos o espírito curioso de querer coñecer algúns instrumentos, sons, contos, movementos ou cancións con xesto.

Trataremos de recuperar esa complicidade a través dos estímulos sonoros e diversas cancións infantís convidando aos acompañantes dos bebés a cantar aprendendo melodías nesta experiencia musical cos seus peques.



G



30
minutos

3€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Venres 14

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CICATRIZ

Kirenía Danza - *Galicia*

Danza contemporánea



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Autor: Kirenía Martínez Acosta

Dirección: Kirenía Martínez Acosta

Escenografía: Kirenía Martínez Acosta e Suso Mareque

Deseño son: Kirenía Martínez e Antón Reixa

Deseño iluminación: Violeta Martínez e Daniel Rodríguez

Vestuario: Kirenía Martínez Acosta

Música: Bruno Baw e Marcos Payno, voces Antela Cid e Alex Sande

Coreografía: Kirenía Martínez Acosta

Elenco artístico: Kirenía Martínez Acosta e Antón Reixa

Sinopse:

CICATRIZ é unha peza de danza contemporánea que pon corpo ao poema homónimo do icónico Antón Reixa, baixo a coreografía e dirección de Kirenía M. Acosta. 300 versos que comezan con "QUERO" exploran o desexo e a frustración de non acadalo como motores da vida. En escena, dous corpos suturados: o do referencial artista galego que se inicia na danza aos 67 anos tras un accidente que o deixou en coma, e o dunha coreógrafa de orixe cubana cunha traxectoria atravesada por lesións e resistencia. A súa complicidade visibiliza o anti-idadismo e a inclusión. Un coloquio final convida ao público a un ti a ti con estas vidas tan cheas de suturas. A "Cicatriz" que dá nome a este espectáculo propón unha reflexión de como o "desexo" e, sobre todo, o desexo do desexo (a necesidade de ter desexos) é o motor da vida. Os dous intérpretes entran e saen de tres estruturas tubulares, a xeito de cabinas abertas, como se o xogo de "inhibición / desinhibición" fose o resorte imprescindible para xestionar esta perplexidade da existencia. Como mínimo, a aceptación deste desafío vai deixando en nós unha cicatriz indeleble. Se cadra, é de interese para as espectadoras e espectadores deste xogo escénico, que este traballo vertebrar a unión e contraste entre a moita experiencia coreográfica de Kirenía Martínez e o absolutamente profano en danza contemporánea de Antón Reixa e a súa discapacidade física recoñecida do 65%. O esencial na danza contemporánea é a emoción, por riba de calquera virtuosismo técnico ou idade.



G

Adulto

50
minutos

10€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Sábado 15

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



CAMINO DE LAS ROCAS

Concerto de Pablo Lesuit - *Galicia*

Música - indie - rock



Equipo:

Pablo Perozo Ayuso - Voz e guitarra
Alberto López Figueroa - Batería
Charlie Bautista - Guitarra e Teclados
Pablo Leira Filgueira - Guitarra
Moises Alonso Suárez Breto - Técnico Son
Jaime Perozo - Mánager
Diego Ayuso - Booking mánager

A súa traxectoria levoulle a tocar en salas e importantes festivais de España, Uruguai, Argentina, Colombia ou México. Cunha presenza crecente tanto en España como en América Latina, Lesuit traballou e ten colaborado con artistas de renome como Jorge Drexler ou Jenny And The Mexicats.

O directo, no que se fusionan distintos estilos musicais como rock, indie, folk e sons latinos, que, cunha banda de referencia fai que sexa un show enérxico e dinámico que conquista ao público. Este 2025, será o ano de lanzamento do novo álbum Camino de las rocas, co que está colleitando unha gran crítica de medios e público en xeral.

Camino de las rocas promete ser un show cun son renovado que bebe do rock dos 60, a tradición galega e a frescura da música contemporánea, Lesuit ofrecerá un directo vibrante, cheo de matices e enerxía con momentos de conexión co público e unha interpretación apaixonada que converterá cada actuación nunha celebración irrepetible.



G+C

TODOS OS
PÚBLICOS

60
minutos

10€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Domingo 16

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

CONCELLO
DE VIGO



BICHITOS

Spasmo Teatro - *Castela e León*

Humor xestual




Ficha técnica e artística:

Autor: Spasmo Teatro e Ángel Calvente.
Dirección: Ángel Calvente (El Espejo Negro)
Reparto: Isaac Tapia, Vicente Martín,
Álvaro Sánchez e José Gabriel Sánchez.
Voz en off: José María del Río.

Sinopse:

Bichitos é un espectáculo de humor xestual para toda a familia no que, en formato documental teatral, coñeceremos mellor e aprenderemos a respectar e valorar aos nosos pequenos veciños invertebrados.
Unha obra de teatro que sorprende polo seu colorido e polo seu ritmo e que, ademais, ensina aos nenos a importancia de coidar o medio ambiente.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Venres 21

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

**CONCELLO
DE VIGO**



O ESPÍRITO DE VANIA

Machi Salgado - *Galicia*

Teatro



Ficha técnica e artística:

Dirección: Carlos Álvarez-Ossorio
Interpretación: Machi Salgado
Espazo sonoro e música en escena Rubén Abad
Dramaturxia: Carlos Álvarez-Ossorio e Machi Salgado
Revisión lingüística: Fran Godón
Axudante de dirección: Rubén Porto
Asesoría de movemento Alba blanco
Deseño gráfico e fotografía: Diego Seixo
Vídeo promocional: Fon Cortizo
Prensa e Comunicación: Aberto Ramos
Producción: Escénate, Kante producciones e Machi Salgado
distribución: Escénate e Machi Salgado

Sinopse:

Un actor e un músico entran nun espazo en ruínas. Os espíritos dos personaxes do Tío Vania de Chekhov habitan o corpo do actor para contar a súa historia, intentando entender o que aconteceu naquel lugar, unha vella casa galega onde a rutina, os desexos non correspondidos e os sonhos rotos marcan o paso do tempo. Un afondamento na capacidade de resistencia do ser humano e na súa desconexión coa terra e a natureza. Unha proposta intimista con música en directo na que conviven o trágico e o cómico e onde cada elemento da escena ten vida propia. Chékhov segue sendo un autor contemporáneo que nos interpela directamente, e Tío Vania é unha obra á que sempre vale a pena volver. O noso reto é contar esta historia dunha maneira persoal e renovada, cunha mirada libre de prexuízos, coma se descubrisémosla por primeira vez. Queremos que o público máis novo atope nela unha voz actual e que quen coñeza a obra descubra novos matices. A través de Tío Vania, conectamos coas inquietudes do mundo actual e da sociedade galega: a crise dun sistema que se esgota, o feminismo, o ecoloxismo, as desigualdades sociais ou a precariedade económica. Chékhov observa o colapso da súa época desde a intimidade, convertendo a crise do sistema nunha crise persoal. A aparente sinxeleza da obra esconde múltiples capas e lecturas. Cada nova lectura ofrece unha perspectiva distinta, facendo que Tío Vania sempre sexa unha obra por descubrir.



G

Adulto
(+14)

85
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVEMBRO • Sábado 22

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

SOPHIE NON É O MEU NOME DE GUERRA

Redrum Teatro - *Galicia*

Teatro contemporáneo



Ficha técnica e artística:

Elenco: Camille Hedouin e Alixa Ladson
Dirección: Laura Míguez
Autor: Roberto Pascual
Axte dirección: Atenea Garcia
Escenografía e iluminación: As dúas e punto
Videocreación: Judith Adataberna
Movemento: Mariel Teixeira González
Espazo sonoro: MounQup
Confección vestuario: Ousseynou Gueye
Fotografía cartel: Rosiña Rojo
Material promocional: Alex Sampayo
Asistencia técnica: Carlos Álvarez-Ossorio

**CONCELLO
DE VIGO**



Prensa: Alberto Ramos
Produción: Redrum Teatro
Distribución: Guillermo Carbajo

Sinopse:

A de Sophie é unha historia inspirada en feitos reais, pero é algo máis que a historia dunha persoa migrante. A viaxe de Sophie é unha viaxe polo desexo, pola dignidade, pola consciencia da riqueza das culturas populares de África, polo documento teatralizado da violación e da trata de mulleres, das políticas migratorias burocratizadas de Europa e das relacións familiares fiadas por silencios, medos e angúeias dunha vida plena e sincera. Sophie é unha muller que ama e quere ser amada, divertida e vital, ambigua e perigosa.

O espectáculo:

Sophie é un espectáculo de teatro contemporáneo a partir do texto teatral homónimo de Roberto Pascual, gañador do Premio Rafael Dieste 2021, da Deputación da Coruña. A viaxe de Sophie está baseada nunha historia real, ou quizais en moitas. A pasaxe vólvese moi custosa cando o exilio é unha cuestión de supervivencia. Camiñaremos coa protagonista a través da súa travesía vital e no mapa, desde Yaoundé, capital de Camerún, ata A Coruña. Unha viaxe pola riqueza da cultura popular de África, pola burocracia das políticas migratorias e pola escravitude sexual. O obxectivo principal deste espectáculo é falar da migración forzada, a través da vivencia persoal dunha muller que loita por ser libre, por amar e ser amada. Unha historia que pon no centro a realidade da trata de mulleres con fins de explotación sexual. A peza afonda nas conexións humanas, familiares, de amizade e de parella de Sophie, unha muller cunha personalidade chea de matices, fuxindo do estereotipo e da revictimización. Descubrindo o amplo prisma da maternidade: como desexo e como instrumento. Na súa forma escénica trátase dunha proposta contemporánea onde os recursos audiovisuais se mesturan cos elementos poéticos e o teatro textual. A atmosfera xerada polo espazo sonoro e escénico mergullará ás espectadoras na viaxe de Sophie.



G

Adulto
(+16)

85
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVEMBRO • Domingo 23

Dous pases ás 16:30 e ás 18:30 h. AUDITORIO
MUNICIPAL DO CONCELLO, Praza do Rei, 1

CUENTO DE NAVIDAD Encapsulando a Dickens

Société Mouffette&Coma14
- *Illas Baleares e Madrid*

Teatro de obxectos e monicreques

**AFORO SÚPER REDUCIDO EN ESCENARIO
CON BANCADA**



**CONCELLO
DE VIGO**



Ficha técnica e artística:

Autoría: Charles Dickens
Dramaturxia: Vera González e Tolo Ferrá
Dirección e Creación Audiovisual: Tolo Ferrá
Deseño Escenografía: Amaya Cortaire
Composición Musical e Espazo Sonoro: Iñaki Rubio
Intérprete: Vera González
Construción Escenografía e Atrezo: Amaya Cortaire e Elena C. Galindo
Deseño Gráfico: Nuria Gondíaz
Fotografía e Vídeo: Josep Alorda
Produción: Coma14 / Société Mouffette
Coas axudas de Icib / Consell de Mallorca

Sinopse:

A obsesión dunha moza con Cuento de Navidad fixo que desde pequena busque a forma perfecta de contar a historia de Dickens. Unha obsesión nada dunha insólita tradición familiar que iniciou a súa avoa: cada ano un membro da familia compra unha edición diferente do libro que deben ler xusto antes da cea de Noiteboa. A través de maquetas, obxectos e mecanismos; e provista dunha proximidade e un relato íntimo, fainos revivir a noite na que a Scrooge lle cambiou a vida, e colócanos nun presente no que a literatura e a arte teñen o poder de iluminar os nosos días. O señor Scrooge é un vello avaro e roñón. Non coñece a compaixón nin a caridade, ten o carácter agre e un corazón duro como unha pedra que non se abrandará nin cando chega o Nadal. Pronto recibirá a visita inesperada de tres espíritos que o acompañarán nunha viaxe reveladora á súa nenez, o seu presente e o seu futuro. E o que descubrirá cambiaralle a vida. Hai historias que nos cambian por dentro para sempre, a miña é esta, Cuento de Navidad de Charles Dickens. Un ano a miña avoa Jacinta decidiu que íamos ler o libro antes da cea de Noiteboa e sen darse conta converteuno nunha tradición familiar. Agora tócame a min contarvos a historia de Scrooge. Para facelo ideeí un mecanismo sorprendente no meu taller, e creo que por fin está listo, ou case...



C

+6

40
minutos

3€

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVEMBRO • Venres 28

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

UN DEUS SALVAXE

Talía Teatro - *Galicia*

Teatro



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Autora: Yasmina Reza

Versión e Dirección: Artur Trillo

Elenco: María Ordóñez, Dani Trillo, Marta Lado e Toño Casais

Escenografía e iluminación: Dani Trillo

Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro

Música orixinal: Manu Abrales

Sinopse:

Dous matrimonios, adultos e civilizados, atópanse para resolver un incidente protagonizado polos seus fillos pequenos: un deles partiulle dous dentes ao outro nunha pelexa no parque. Nada que uns pais civilizados non poidan resolver. Con este sinxelo argumento, Yasmina Reza compón unha sátira da sociedade contemporánea e analiza, con moito sentido do humor, as relacións de parella, a educación, a competitividade,... pero, sobre todo, o exceso de corrección política.



G

Adulto

70
minutos

8€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NOVEMBRO • Sábado 29

20:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

A METAMORFOSE

Sarabela Teatro - *Galicia*

Teatro contemporáneo



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Dirección: Carlos Álvarez Ossorio

Versión: Carlos Álvarez Ossorio

Elenco: Sabela gago, Fina Calleja, Elena Seijo, Fernando
Dacosta, Fer González

Deseño de Iluminación e escenografía: Baltasar Patiño

Deseño de vestuario: Sarabela Teatro

Asesoramento vestuario: Ruth Díaz Pereira

Dramaturxia do movemento: Nuria Sotelo e Rut Balbis

Campo Sonoro: Renata Codda Fons

Distribución: Culturactiva / Sarabela Teatro

Sinopse:

Gregor Samsa leva cinco anos ocupándose da mantenza da súa familia, dende que morreu seu pai. Un día, Gregor esperta e sente que xa non pode máis. Incapaz de levantarse da cama, o mundo preséntaselle como un lugar inhóspito e agresivo. A familia intenta comunicarse con el, pero todos os seus intentos son inútiles.

As tres mulleres -avoa, nai e irmán- que viven endebedadas e que dependen de Gregor para sobrevivir, entran en pánico ante a expectativa de non poder recuperarse da quebra financeira causada polo pai desaparecido. Tentarán manter a orde e a normalidade con distintas estratexias, todas elas inútiles.

A mirada da familia irá animalizando a Gregor, que se vai sentindo como un parasito. Para elas, el non é máis que un becho e el mesmo acabará aceptando a súa condición de monstro.

A Metamorphose mostra a necesidade do ser humano de ser recoñecido, valorado e amado polo que é, non polo que produce ou achega.

Que pasa cando deixamos de ser útiles para a sociedade? Ou para os demais? Temos dereito a cambiar, a transformarnos, en calquera momento da nosa vida?



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



G

Adulto
(+14)

65
minutos

8€

NOVEMBRO • Domingo 30

18:00 h. AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO
Praza do Rei, 1

SINGULARIA

Magia en la manga-Sara Rodríguez
- *Galicia*

Maxia



CONCELLO
DE VIGO



Ficha técnica e artística:

Intérprete: Sara Rodríguez
Dirección: Gonzalo Albiñana
Producción: Magia en la Manga
Asesoramento máxico: Gonzalo Albiñana
Escenografía: Diego Valeiras
Deseño de luces: Daniel Rodríguez
Espazo sonoro: Eloy Fernández

Sinopse:

Singularia: De aquilo que é único ou singular, aquilo que se emprega para destacar o excepcional, o fóra do común, o que non se pode repetir.

Singularia é unha viaxe onírica a un espazo irrepitible, como a mesma proposta, onde a maxia desafia as leis do tempo, do espazo e da realidade. Un espectáculo que nos enfrenta a aquilo que nos distingue como persoas, aquilo que nos define e que tamén esperta a nosa imaxinación e renova o asombro. Singularia non é só un espectáculo de maxia, senón unha experiencia sensorial e emocional que convida ao público a redescubrirse a eles e elas mesmas e, ao mesmo tempo, redescubrir a beleza do misterio e do imposible.



G

+6

75
minutos

5€



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

CONCELLO
DE VIGO



NORMAS | Organización e acceso ao recinto

- 1 O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade** á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicitase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2 As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3 As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5 **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de

seguridade e conforme ao *Plan de autoprotección* do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

- 6 Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9 Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

VENDA DE ENTRADAS

PUNTOS DE VENDA

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

- A través da páxina web de Giglon: www.giglon.com
- Na Librería Libros para soñar (Rúa Triunfo 1, baixo, Vigo), en horario de luns a venres de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas e os sábados de 10:30 a 13:30 horas.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas dispoñibles).

DESCONTOS PARA MOCIDADE

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público menor de 25 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet para os espectáculos de adultos, co código de desconto **OTEATROMOLA** (no control de accesos do Auditorio Municipal poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)

ABONOS

(Só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio, **dispoñibles ata o 7 de novembro**):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.



Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida (PMR)** que **NON** contan con butaca física; son espazos adaptados para aquelas persoas que acuden en cadeiras de rodas. Así mesmo, hai **4 butacas ao seu carón reservadas para os seus acompañantes** (de ser o caso).

No caso de adquirir entradas nesta modalidade **é importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a PMR).

As entradas adquiridas destinadas a PMR **sen cumprir** estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Puntos de venda

CONCELLO
DE VIGO



Vigo
'25
cultura

INFORMACIÓN

Teléfonos desde Vigo: 010

Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario:

De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.

Sábados - de 10:00 a 14:00 h.



@Vigo_cultura



vigocultura

Puntos de venda



giglon
.com



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR